



### XUNTA DE GALICIA

#### CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA. SERVIZO DE ENERXÍA E MINAS

##### *Anuncio*

**Acordo do 4 de marzo de 2026, do Departamento Territorial de Lugo, polo que se someten a información pública o proxecto de explotación, o plan de restauración e o estudo de impacto ambiental presentados xunto coa solicitude de ampliación da autorización de aproveitamento de recursos mineiros da sección A) "Santa Eulalia" núm. 217, situada no termo municipal de Lugo, na provincia de Lugo.**

En cumprimento do disposto no artigo 23 da Lei 3/2008, de ordenación da minaría de Galicia, no artigo 36 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, e no artigo 6 do Real decreto 975/2009, do 12 de xuño, sobre xestión dos residuos das industrias extractivas e de protección e rehabilitación do espazo afectado por actividades mineiras, sométense ao trámite de información pública o proxecto de explotación, o plan de restauración e o estudo de impacto ambiental presentados xunto coa solicitude de ampliación da autorización de aproveitamento de recursos mineiros da sección A) "Santa Eulalia" núm. 217, situada no termo municipal de Lugo, na provincia de Lugo, de titularidade de Mugarini, S.L.U.

O que se fai público facendo constar que, durante o prazo de trinta (30) días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Diario Oficial de Galicia, o proxecto de explotación, o plan de restauración e o estudo de impacto ambiental estarán ao dispor do público, para a súa consulta, no Servizo de Enerxía e Minas do Departamento Territorial da Consellería de Economía e Industria de Lugo, e no portal web da dita Consellería:

<https://economia.xunta.gal/transparencia/informacion-publica/en-tramitacion/explotacions-mineiras>

As posibles alegacións presentaranse durante o prazo sinalado, dirixidas ao director territorial, en calquera das oficinas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Lugo, 4 de marzo de 2026.- O director territorial, Gustavo José Casasola de Cabo.

R. 0615

#### CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS. AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS. SERVIZO PROVINCIAL DE LUGO

##### *Anuncio*

Autorizado o correspondente pago de expropiacións dos terreos ocupados con motivo das obras de:

Obra: APARCADOIROS DISUASORIOS PARA O FOMENTO DO VEHÍCULO COMPARTIDO ASOCIADOS Á IMPLANTACIÓN DE ZONAS DE BAIXAS EMISIÓN NAS CIDADES GALEGAS, AVENIDA DE BREOGÁN (LUGO).

Termo municipal: LUGO

Clave: LU/22/217.06

Este servizo provincial da Axencia Galega de Infraestruturas resolveu:

Sinalar a data de pago, segundo a relación de afectados que se achega.

Día: 8 de abril de 2026.

Lugo, 6 de marzo de 2026.- O xefe do servizo provincial da Axencia Galega de Infraestruturas, Gerardo Pallares Sánchez.

LISTADO DE DIRECCIÓN

EXPTE: X 1812 - XUROS

CLAVE: LU-22-217-06

OBRA: Aparcadoiros disuasorios para o fomento do vehículo compartido asociados á implantación de zonas de baixas emisións nas cidades galegas, avenida de Breogán (Lugo).

| PREDIO | TITULAR                    | DIRECCIÓN                                      |
|--------|----------------------------|------------------------------------------------|
| 4-AR3  | CORDEIRO LOPEZ ALFONSO     | RUA MONTE PENA RUBIA Nº 1-B - 27004 LUGO       |
| 4-AR1  | DIAZ PEREZ PILAR           | RUA ORQUIDEA Nº 1-3ºC - 27004 LUGO             |
| 4-AR2  | DURAN REY LUIS             | RUA AQUILINO IGLESIAS Nº 16 - 4º B -27004 LUGO |
| 1-AR3  | FERNANDEZ GAY MANUEL       | RUA AMENEIRO Nº 11-1 -27004 LUGO               |
| 1-AR1  | FERREIRO DEVEZA JOSE       | RUA DA HERBA Nº 5 - 27004 LUGO                 |
| 4-AR4  | GONZALEZ VILLAR MANUEL     | RUA TRAPERO PARDO Nº 17-1º - 27004 LUGO        |
| 1-AR2  | GORGOSO RODRIGUEZ MERCEDES | RUA JUAN CARBALLAL, Nº 17-1º - 27004 LUGO      |
| 1-AR-5 | LATAS ASTARIZ GUADALUPE    | RUA POMAR Nº 26-1º - 27004 LUGO                |
| 1-AR-4 | LOPEZ LAMAS IRENE          | RUA LAMAS DE PRADO Nº 206-1º - 27004 LUGO      |

R. 0616

### Anuncio

Autorizado o correspondente pago de expropiacións dos terreos ocupados con motivo das obras de:

Obra: APARCADOIROS DISUASORIOS PARA O FOMENTO DO VEHÍCULO COMPARTIDO ASOCIADOS Á IMPLANTACIÓN DE ZONAS DE BAIXAS EMISIÓN NAS CIDADES GALEGAS, AVENIDA DE BREGÁN (LUGO).

Termo municipal: LUGO

Clave: LU/22/217.06

Este servizo provincial da Axencia Galega de Infraestruturas resolveu:

Sinalar a data de pago, segundo a relación de afectados que se achega.

Día: 8 de abril de 2026.

Lugo, 6 de marzo de 2026.- O xefe do servizo provincial da Axencia Galega de Infraestruturas, Gerardo Pallares Sánchez.

LISTADO DE DIRECCIÓN

EXPTE 3163-XUSTIPREZO XURADO

CLAVE: LU-22-217-06

CONCELLO: LUGO

OBRA: Aparcadoiros disuasorios para o fomento do vehículo compartido asociados á implantación de zonas de baixas emisións nas cidades galegas, avenida de Breogán (Lugo).

| PREDIO | TITULAR                                                                                                                            | DIRECCIÓN                                                |
|--------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------|
| 1      | CASTRO NÚÑEZ JOSÉ                                                                                                                  | RUA SAUDE Nº 9 - 27004 LUGO                              |
| 4      | CASTRO NÚÑEZ JOSÉ                                                                                                                  | RUA SAUDE Nº 9 - 27004 LUGO                              |
| 2      | DÍAZ PRADO JOSÉ (HDOS. DE)                                                                                                         | C/ DEL MONTSENY Nº 170-1ºI -8904 HOSPITALET DE LLOBREGAT |
| 3      | GORGOSO BURGO MANUEL (HDOS. DE)                                                                                                    | AVDA. DIECIOCHO DE JULIO, 106 27004 LUGO                 |
| 5 - 6  | PARDO RODRÍGUEZ MARÍA DE LOURDES<br>PARDO RODRÍGUEZ CARMEN MARÍA<br>PARDO RODRÍGUEZ MARÍA JOSÉ<br>RODRÍGUEZ COBAS MARÍA DEL CARMEN | PRAZA DE SANTO DOMINGO Nº 6-8-2º 27001 LUGO              |

R. 0617

*Anuncio*

Autorizado o correspondente pago de expropiacións dos terreos ocupados con motivo das obras de:

Obra: MELLORA DE ACCESIBILIDADE E CONECTIVIDADE DAS PARADAS DE AUTOBÚS SITUADAS NA REDE AUTONÓMICA DE ESTRADAS DE GALICIA NAS RUTAS DE ACCESO POLO NORTE Á CIDADE DE LUGO.

Termo municipal: LUGO

Clave: LU/22/055.06

Este servizo provincial da Axencia Galega de Infraestruturas resolveu:

Sinalar a data de pago, segundo a relación de afectados que se achega.

Día: 8 de abril de 2026.

Lugo, 12 de marzo de 2026.- O xefe do servizo provincial da Axencia Galega de Infraestruturas, Gerardo Pallares Sánchez.

LISTADO DE DIRECCIÓNS

EXPTE: 3162-XURADO

CLAVE: LU-22-217-06

OBRA: Aparcadoiros disuasorios para o fomento do vehículo compartido asociados á implantación de zonas de baixas emisións nas cidades galegas, avenida de Breogán (Lugo).

| PREDIO | TITULAR                                                | DIRECCIÓN                                                |
|--------|--------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------|
| 5      | CABANAS TALLÓN ANTONIO (HDOS. DE)                      | LG. CARBALLIDO FAZAY Nº 15 27146 LUGO                    |
| 10     | CEDRÓN DOAMO TERESA (HDOS. DE)                         | C/ ARMADA ESPAÑOLA, 3 BL 29- 6ºD 15406 FERROL (A CORUÑA) |
| 12     | MOSQUERA TIMIRAO TOMÁS<br>SANTOS DÍAZ MARÍA DEL CARMEN | R/ CENTOLLA Nº 12-1º 1 27004 LUGO                        |
| 3      | SÁNCHEZ ROMAY JOSÉ<br>SÁNCHEZ ROMAY MARÍA LUZ          | LG. RECIMIL 27140 LUGO                                   |
| 8      | SILVOSA BELLÓN PILAR (HDOS.)                           | LG. ROMEAN Nº 1 27141 LUGO                               |

R. 0618

*Anuncio*

Autorizado o correspondente pago de expropiacións dos terreos ocupados con motivo das obras de:

Obra: MELLORA DE ACCESIBILIDADE E CONECTIVIDADE DAS PARADAS DE AUTOBÚS SITUADAS NA REDE AUTONÓMICA DE ESTRADAS DE GALICIA NAS RUTAS DE ACCESO POLO NORTE Á CIDADE DE LUGO

Termo municipal: COSPEITO

Clave: LU/22/055.06

Este servizo provincial da Axencia Galega de Infraestruturas resolveu:

Sinalar a data de pago, segundo a relación de afectados que se achega.

Día: 8 de abril de 2026

Lugo, 6 de marzo de 2026.- O xefe do servizo provincial da Axencia Galega de Infraestruturas, Gerardo Pallares Sánchez.

Expediente: X1815

|                                                                     |                                                                                                                                                                     |
|---------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Término municipal de:                                               | COSPEITO                                                                                                                                                            |
| Informe de direccións dos predios expropiados con motivo das obras: | Mellora de accesibilidade e conectividade das paradas de autobús situadas na rede autonómica de estradas de Galicia nas rutas de acceso polo norte á cidade de Lugo |
| Clave:                                                              | LU-22-055-06                                                                                                                                                        |

| PREDIO/S | TITULAR               | ENDEREZO                                 |
|----------|-----------------------|------------------------------------------|
| 1        | GARCIA CASTRO JACINTO | C/BASANTA SILVA Nº4-1 1ª C 27800-VILALBA |

R. 0637

### Anuncio

Autorizado o correspondente pago de expropiacións dos terreos ocupados con motivo das obras de:

Obra: MELLORA DE ACCESIBILIDADE E CONECTIVIDADE DAS PARADAS DE AUTOBÚS SITUADAS NA REDE AUTONÓMICA DE ESTRADAS DE GALICIA NAS RUTAS DE ACCESO POLO NORTE Á CIDADE DE LUGO

Termo municipal: RIOTORTO

Clave: LU/22/055.06

Este servizo provincial da Axencia Galega de Infraestruturas resolveu:

Sinalar a data de pago, segundo a relación de afectados que se achega.

Día: 8 de abril de 2026

Lugo, 6 de marzo de 2026.- O xefe do servizo provincial da Axencia Galega de Infraestruturas, Gerardo Pallares Sánchez.

Expediente: X1816

|                                                                     |                                                                                                                                                                     |
|---------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Término municipal de:                                               | RIOTORTO                                                                                                                                                            |
| Informe de direccións dos predios expropiados con motivo das obras: | Mellora de accesibilidade e conectividade das paradas de autobús situadas na rede autonómica de estradas de Galicia nas rutas de acceso polo norte á cidade de Lugo |
| Clave:                                                              | LU-22-055-06                                                                                                                                                        |

| PREDIO/S | TITULAR                                                               | ENDEREZO                                          |
|----------|-----------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------|
| 25       | VARELA GAVÍN JOSÉ LUIS, VARELA GAVÍN JOSÉ ANTONIO, VARELA VEIGA CELIA | LG. VILAR DE SANTIAGO Nº 12 27743 RIOTORTO (LUGO) |

R. 0619

## CONCELLOS

### ALFOZ

#### Anuncios

#### Información pública

Aprobado por Decreto da Alcaldía, do 6 de marzo 2026 os seguintes padróns correspondentes ao cuarto trimestre de 2024:

- ◆ Padrón da taxa polo abastecemento de auga, no que se inclúe o canon de auga e taxa de vertedura e dereito de acometida.
- ◆ Padrón da taxa por recollida de lixo

De conformidade co disposto na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, O Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, e as ordenanzas reguladoras correspondentes, expónse ó público polo prazo de quince días contados dende o seguinte ao da publicación deste edicto no BOP de Lugo, a efectos de exame e reclamacións. Fixase o período de cobro en voluntaria dende o 13 de abril de 2026 ata o 13 de xuño de 2026, ámbolos dous inclusive.

A falta de pagamento no período voluntario no tocante a auga, lixo e dereito de acometida, pasarase ó seu cobro pola vía de constrinximento, coas recargas previstos no artigo 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, a través do Servizo Provincial de Recadación da Excma. Deputación Provincial de Lugo.

E canto ao canon da auga e taxa de vertedura, a falta de pago no período voluntario suporá a súa esixencia directamente pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia

Recurso; Contra o acordo de aprobación dos padróns de abastecemento de auga e recollida de lixo poderá interporse recurso de reposición. O prazo de presentación será un mes contado dende o día seguinte ao da finalización do período de exposición ao público dos padróns ante o Alcalde.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, que no seu caso se formule, poderá interporse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establezan na Lei Reguladora da referida xurisdición.

A repercusión do canon da auga e taxa de vertedura poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia, no prazo de un mes dende que se entende producida a notificación

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria

Alfoz, 10 de marzo de 2026.- A alcaldesa, Efigenia Maseda Paz.

R. 0620

## BURELA

### *Anuncio*

MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO, ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE BURELA

En virtude do disposto no artigo 47 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais (ROF).

Resultando que o artigo 47 do ROF, prevé que corresponde ós Tenentes de Alcalde substituír na totalidade das súas funcións e pola orde do seu nomeamento ó Alcalde, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que imposibilite a este para o exercicio das súas atribucións.

Resultando que o citado artigo establece que nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento, as funcións do Alcalde non poderán ser asumidas polo Tenente de Alcalde a quen corresponda, sen expresa delegación que reunirá os requisitos do artigo 44.1 e 44.2

Resultando que o artigo 44.1 e 44.2 do ROF indica que as delegacións serán realizadas mediante Decreto da Alcaldía que conterá como mínimo o ámbito dos asuntos a que se refire a delegación, as facultades que se deleguen, así como as condicións específicas do exercicio das mesmas, na medida en que se concreten ou aparten do réxime xeral previsto no ROF, e que a delegación de atribucións do Alcalde surtirá efecto dende o día seguinte á súa data, salvo que nela se dispoña outra cousa, sen prexuízo da súa preceptiva publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Resultando que esta Alcaldesa se vai atopar ausente, por viaxe institucional a Cabo Verde os días 10,11,12,13 e 14 de marzo de 2026, o que lle impide poder realizar as súas atribucións no período referido.

### RESOLVO

**PRIMEIRO.-** Delegar a totalidade das funcións desta Alcaldía no 1º Tenente de Alcaldesa, Mario Pillado Mon, os días 10,11,12,13 e 14 de marzo de 2026. Esta delegación surtirá efectos dende a súa sinatura e na data indicada.

**SEGUNDO.-** Da presente resolución darase traslado ao 1ª Tenente de Alcaldesa e será publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

**TERCEIRO.-** Desta Resolución darase conta ó Pleno na primeira sesión que se celebre.

Burela, 10 de marzo de 2026.- A alcaldesa, María del Carmen López Moreno.

R. 0621

### *Anuncio*

De conformidade co disposto no artigo 23.4 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, no artigo 61.3 da Lei 5/97, de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, artigos 43 e 44 do Real Decreto 2.568/86, de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e co previsto nos artigos 58.1 da Lei 20/2011, de 21 de xullo, de Rexistro Civil e 51 do Código Civil, publícase que pola Alcaldía do Concello de Burela en data 21 de agosto de 2024 adoptou Decreto que di:

**PRIMEIRO.-** Delegar na Concelleira de economía, facenda, festas e festexos de esta Corporación Patricia Eijo Palmeiro a competencia para a autorización do matrimonio civil entre José Antonio Labaen Casal e Lucilene Alves Dos Reis, que se celebrará o 21 de marzo de 2026, ás 12:00 horas, no Salón de Plenos do Concello de Burela.

**SEGUNDO:** Dar traslado da presente Resolución ao Pleno Corporativo na primeira sesión ordinaria que celebre.

Burela, 10 de marzo de 2026.- A alcaldesa, María del Carmen López Moreno.

R. 0622

### *Anuncio*

Rectificación de erro material nas bases do proceso selectivo para a formación dunha bolsa de emprego para a cobertura, con carácter temporal, de prazas/postos de traballo de administrativo/a.

Advertido erro nas bases do proceso selectivo para a formación dunha bolsa de emprego para a cobertura, con carácter temporal, de prazas/postos de traballo de administrativo/a aprobadas por decreto de alcaldía nº 2025-1225 de data 06/11/2025 e publicadas integramente no BOP de Lugo nº 263 de 15/11/2025, por decreto de Alcaldía nº 2026-0219 de data 11/03/2026 resolveuse o seguinte:

“**PRIMEIRO.-** Rectificar o erro material detectado na base 8.3 das reitoras do proceso aprobadas por decreto de alcaldía nº 2025-1225 de data 06/11/2025, nos seguintes termos:

Onde di:

“8.3.- Proba de coñecemento de lingua galega

Consistirá en traducir nun tempo máximo de 30 minutos, e sen axuda de dicionario, un texto de castelán a galego proposto polo Tribunal.

Esta proba é obrigatoria e eliminatoria e cualificarase de apto ou non apto.

Estarán exentas da realización da proba de galego as persoas aspirantes que acrediten posuír dentro do prazo de presentación de solicitudes o nivel de coñecemento de galego **Celga 3 ou superior, curso de iniciación de galego ou estudos equivalentes.**”

Debe dicir:

“8.3.- Proba de coñecemento de lingua galega

Consistirá en traducir nun tempo máximo de 30 minutos, e sen axuda de dicionario, un texto de castelán a galego proposto polo Tribunal.

Esta proba é obrigatoria e eliminatoria e cualificarase de apto ou non apto.

Estarán exentas da realización da proba de galego as persoas aspirantes que acrediten posuír dentro do prazo de presentación de solicitudes o nivel de coñecemento de galego **Celga 4 ou superior.**”

**SEGUNDO.-** Manter o resto do contido das bases en todos os seus termos.

**TERCEIRO.-** Abrir un prazo de subsanación de 10 días hábiles a contar dende o seguinte ao da publicación do anuncio de rectificación no BOP de Lugo, para que os aspirantes que xa teñen presentado solicitude de participación en tempo e forma, poidan acreditar estar en posesión do nivel de coñecemento do idioma galego Celga 4 ou superior; de non acreditalo neste novo prazo manterase a obriga de realizar a proba de coñecemento de lingua galega nos termos previstos na base 8.3 das reitoras.

**CUARTO.-** Publicar anuncio da presente resolución no Boletín Oficial da Provincia de Lugo(BOP) e na sede electrónica do Concello (<http://burela.sedelectronica.es>).”

Burela, 12 de marzo de 2026.- O alcalde en funcións, Mario Pillado Mon.

R. 0654

### CERVANTES

#### *Anuncio*

#### **APROBACIÓN DEFINITIVA ORZAMENTO 2026**

Aprobado definitivamente o Orzamento Xeral do Concello para o 2026 e comprensivo aquel do Orzamento Xeral deste Concello, as Bases de Execución e o plantel de persoal, de conformidade co artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e o artigo 20 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, publícase o resumo do mesmo por capítulos:

| INGRESOS                           |                     | GASTOS                                |                       |
|------------------------------------|---------------------|---------------------------------------|-----------------------|
| CAPÍTULOS                          | IMPORTE             | CAPÍTULOS                             | IMPORTE               |
| I.- IMPOSTOS DIRECTOS              | 259.334,00          | I.- GASTOS DE PERSOAL                 | 916.193,00            |
| II.- IMPOSTOS INDIRECTOS           | 13.501,00           | II.- GASTOS BENS CORRENTES E SERVIZOS | 462.043,00            |
| III.- TASAS E OUTROS INGRESOS      | 139.196,00          | III.- GASTOS FINANCIEROS              | 100,00                |
| IV.- TRANSFERENCIAS CORRENTES      | 1.088.367,00        | IV.-TRANSFERENCIAS CORRENTES          | 24.802,00             |
| V.- INGRESOS PATRIMONIAIS          | 51,00               | -                                     | -                     |
| <b>TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES</b>  | <b>1.500.449,00</b> | <b>TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES</b>     | <b>1.403.138,00 €</b> |
| VI.- ENAXENACIÓN INVERSIÓNS REAIS  | 1,00                | VI.- INVERSIÓNS REAIS                 | 628.281,00            |
| VII.- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL    | 530.970,00          | VII.- TRANSFERENCIAS CAPITAL          | 1,00                  |
| VIII.- ACTIVOS FINANCIEROS         | -                   | VIII.- ACTIVOS FINANCIEROS            | -                     |
| IX.- PASIVOS FINANCIEROS           | -                   | IX.- PASIVOS FINANCIEROS              | -                     |
| <b>TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL</b> | <b>530.971,00</b>   | <b>TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>    | <b>628.282,00</b>     |
| <b>TOTAL ORZAMENTO</b>             | <b>2.031.420,00</b> | <b>TOTAL ORZAMENTO</b>                | <b>2.031.420,00</b>   |

**PLANTEL DE PERSOAL****A) FUNCIONARIOS DE CARREIRA**

| Denominación praza                    | Grupo | N.º Prazas | Nivel | Situación                                      |
|---------------------------------------|-------|------------|-------|------------------------------------------------|
| 1.HABILITACIÓN DE CARÁCTER NACIONAL   |       |            |       |                                                |
| 1.1 Secretario-Interventor            | A1    | 1          | 28    | Ocupada                                        |
| 2.ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL      |       |            |       |                                                |
| 2.1 Subescala Auxiliar Administrativo | C2    | 2          | 18    | 1 ocupada<br>1 vacante<br>(cobertura interina) |
| 3. ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL  |       |            |       |                                                |
| 3.1 Subescala Técnica: Arquitecto/a   | A1    | 1          | 24    | Vacante<br>(cobertura interina)                |

**B) PERSOAL LABORAL FIXO:**

| Denominación praza                        | Nº. postos |
|-------------------------------------------|------------|
| Traballadora Social                       | 1          |
| Axente de Emprego e Desenvolvemento Local | 1          |
| Auxiliar Axuda no Fogar                   | 16         |
| Peón                                      | 1          |
| Conductor                                 | 1          |
| Limpadora T. Complet                      | 1          |
| Limpadora T. Parc.                        | 1          |
| Tractorista                               | 1          |

## C) PERSOAL LABORAL TEMPORAL

| Denominación praza             | Nº. postos     |
|--------------------------------|----------------|
| Auxiliar Axuda no Fogar        | 7*             |
| Aportacións persoal subvención | Sen determinar |

\*AUXILIARES DE SAF: Persoal variable ao longo do exercicio, en función do n.º de usuarios/as susceptibles do servizo.

A devandita aprobación poderá ser impugnada ante a Xurisdición Contencioso-Administrativa, cos requisitos, formalidades e causas sinaladas nos artigos 170 e 171 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e na forma e prazos que establecen as normas de devandita Xurisdición.

Cervantes, 12 de marzo de 2026.- O alcalde, Benigno Gómez Tadiñ.

R. 0655

## O CORGO

*Anuncio*

Ao quedar definitivamente aprobado polo Pleno desta Corporación o expediente de modificación de créditos número 1/2026, de créditos extraordinarios e suplementos de crédito, por un importe total de sesenta e sete mil euros (67.000,00 €), primeiro de competencia do Pleno, polo acordo adoptado en sesión celebrada o trinta de xaneiro de dous mil vinte e seis, de acordo co preceptuado e en cumprimento do disposto no artigo 177.2 en relación co 169.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, faise público que, despois de dito expediente, o resumo por capítulos do estado de gastos do referido orzamento queda da seguinte forma:

| <u>CAPÍTULOS</u>                                    | <u>IMPORTES</u> |
|-----------------------------------------------------|-----------------|
| 1.- Gastos de persoal.....                          | 1.376.726,47.-  |
| 2.- Gastos correntes en bens e servizos.....        | 1.437.128,52.-  |
| 3.- Gastos financeiros.....                         | 3.600,00.-      |
| 4.- Transferencias correntes.....                   | 84.900,00.-     |
| 5.- Fondo de continxencia e outros imprevistos..... | 0,00.-          |
| 6.- Investimentos reais.....                        | 93.000,00.-     |
| 7.- Transferencias de capital.....                  | 3.000,00.-      |
| 8.- Activos financeiros.....                        | 0,00.-          |
| 9.- Pasivos financeiros.....                        | 0,00.-          |
| SUMA TOTAL.....                                     | 2.998.354,99.-  |

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

O Corgo, 6 de marzo de 2026.- O alcalde-presidente, Felipe Labrada Reija.

R. 0623

## FOZ

*Anuncio*

**Expediente núm.:** 2276/2023

**Procedemento:** Seleccións de Persoal e Provisións de Postos

**RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA**

Vista a resolución de alcaldía de aprobación de bases de 2 de outubro de 2025, para a provisión mediante oposición de tres prazas de oficiais para o Concello de Foz, como persoal laboral fixo, xornada completa, código RPT 4027.

De acordo coa Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases de Réxime Local

**RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar a listaxe provisional de aspirantes admitidos/as e excluídos/as da convocatoria para a provisión de tres prazas de oficiais para o Concello de Foz, como persoal laboral fixo, xornada completa, código RPT 4027 co seguinte alcance:

**A) ADMITIDOS :**

| NOME E APELIDOS                | DNI       | PROBA DE GALEGO |
|--------------------------------|-----------|-----------------|
| IVAN CASTAÑAL GONZALEZ         | ***0265** | EXENTO          |
| KEVIN ROUCO TRELLES            | ***8187** | EXENTO          |
| ANA MARIA URIA CAMPOS          | ***9480** | EXENTA          |
| JUAN ANTONIO FERNANDEZ PEIXOTO | ***5842** | EXENTO          |
| JOSE LUIS MARTINEZ GEADA       | ***9534** | EXENTO          |
| IBAN SALGADO CAO               | ***9724** | NON EXENTO      |

**B) EXCLUIDOS :**

| EXCLUIDOS                 | DNI       | PROBA DE GALEGO                                                                                                                                                                                     | MOTIVO DE EXCLUSION                                                                                                                                   |
|---------------------------|-----------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| RICARDO GONZALEZ NOGUEIRA | ***7262** | NON EXENTO(Prazo de 10 días hábiles para subsanación, segundo a <i>base 5.e)</i> <i>deberá presentarse , copia cotexada ou copia auténtica da acreditación de posuír o nivel de galego esixido.</i> | (Prazo de 10 días hábiles para subsanación segundo punto 6) bases xerais , “Coa solicitude deberá presentarse copia cotexada ou copia auténtica,....” |

**TERCEIRO.-** Os aspirantes excluídos dispoñen de un prazo de (10) dez días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación no Boletín Oficial da Provincia, para a subsanación da documentación.

**CUARTO.-** Publicar no BOP, no Taboleiro de Anuncios e na Sede Electrónica a presente resolución na que consta as lista provisional dos aspirantes admitidos/as e excluídos/as, aos efectos oportunos.

Mándao e asínao en Foz (Lugo), o alcalde, Francisco Cajoto Caserío, o día da sinatura electrónica que se indica na marxe da presente, ante min, a secretaria en acumulación, aos efectos do disposto no artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018.

Foz, 9 de marzo de 2026.- O alcalde, Francisco Cajoto Caserío. A secretaria en acumulación, María Luz Balsa Rábade.

R. 0624

**FRIOL**

*Anuncio*

O Pleno do Concello de Friol, na sesión celebrada o día 5 de marzo do actual, acordou a aprobación definitiva do Plan Municipal de Prevención e Defensa contra incendios forestais, que se integrará nos plans municipais de emerxencias. No mesmo defínese as faixas secundarias de xestión de biomasa en orde a garantir o control, e reducir o risco de incendios e protexer a seguranza. Todo elo sen prexuízo da súa adaptación aos cambios de circunstancias e as revisións periódicas cando sexan precisas, de conformidade coa normativa reguladora.

O que se fai público mediante inserción de anuncio no Boletín oficial da Provincia de Lugo, figurando o Plan na sede electrónica do Concello de Friol, <https://friol.sedelectronica.gal/>

Friol, 9 de marzo de 2026.- O alcalde, José Ángel Santos Sánchez.

R. 0625

## MONTERROSO

### *Anuncio*

Por decreto de Alcaldía de data 10-03-2026 aprobouse a ampliación da bolsa de emprego como persoal laboral temporal de auxiliares de axuda no fogar para o Concello de Monterroso, ditas bases foron aprobadas por decreto de 15 de xullo de 2024.

**Lugar e prazo de presentación das solicitudes:** No Rexistro Xeral deste Concello (presencial ou electrónico) ou nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do Procedemento administrativo común das administracións públicas.

O prazo de presentación de solicitudes será de dez días (10) hábiles contados dende o día seguinte ó da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín oficial da provincia de Lugo

As bases completas están expostas no taboleiro de anuncios do Concello sito na sede electrónica do concello <https://monterroso.sedelectronica.es/info.0>

Monterroso, 10 de marzo de 2026.- O alcalde, Eloy Pérez Sindín.

R. 0626

### *Anuncio*

Por decreto de Alcaldía de data 10-03-2026 aprobouse a ampliación da bolsa de emprego como persoal laboral temporal de auxiliares de axuda no fogar para o Concello de Monterroso, ditas bases foron aprobadas por decreto de 14 de xuño de 2024.

**Lugar e prazo de presentación das solicitudes:** No Rexistro Xeral deste Concello (presencial ou electrónico) ou nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do Procedemento administrativo común das administracións públicas.

O prazo de presentación de solicitudes será de dez días (10) hábiles contados dende o día seguinte ó da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín oficial da provincia de Lugo

As bases completas están expostas no taboleiro de anuncios do Concello sito na sede electrónica do concello <https://monterroso.sedelectronica.es/info.0>

Monterroso, 10 de marzo de 2026.- O alcalde, Eloy Pérez Sindín.

R. 0627

## POL

### *Anuncio*

Por Resolución de Alcaldía de data 12 de marzo de 2026 aprobouse a convocatoria e as bases que a regulan para a constitución dunha bolsa de emprego de AUXILIAR ADMINISTRATIVO, que se anexan ao presente anuncio, así mesmo, estarán expostas na sede electrónica do Concello de Pol (<https://concellopol.sedelectronica.gal>) e no taboleiro de anuncios municipal. O prazo de presentación de solicitudes é de **10 días hábiles**, contados a partir do seguinte ao da publicación do presente anuncio no BOP de Lugo. As seguintes publicacións realizaranse na sede electrónica municipal e no taboleiro de anuncios.

Pol, 12 de marzo 2026.- O alcalde, Lino Rodríguez Ónega.

**BASES PROCEDEMENTO PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA PARA A PROVISIÓN INTERINA DE PRAZAS DE AUXILIAR DE ADMINISTRACIÓN XERAL PARA A COBERTURA DE NECESIDADES DERIVADAS DE AUSENCIAS (ENFERMIDADE, PERMISOS, VACACIÓNS....) OU PARA PROGRAMAS DETERMINADOS DO CONCELLO DE POL, MEDIANTE NOMEAMENTO INTERINO.**

#### I.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

O obxecto das presentes bases é a regulación do procedemento para a creación dunha bolsa para a provisión de prazas de auxiliar de administración xeral, mediante nomeamento interino, do Concello de Pol para a cobertura de necesidades derivadas das situacións recollidas no art. 10 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, mediante o procedemento de oposición libre.

#### II.- NOTIFICACIÓNS E PUBLICACIÓNS

Fíxase como medio de comunicación das publicacións que se deriven dos actos integrantes deste proceso selectivo, a inserción no Taboleiro Municipal de anuncios, e na Sede Electrónica do Concello de Pol, <https://concellopol.sedelectronica.gal/info.0>

### III.- NORMATIVA DE APLICACIÓN

O procedemento rexeráse polo previsto nestas Bases e anexos correspondentes, e, na súa falta, estarase ao establecido nas seguintes disposicións:

Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia.

Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de Abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, na Lei 30/1984, de 2 de agosto de Medidas para a Reforma da Función Pública.

Real Decreto 896/1991, do 7 de Xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios/as de Administración Local.

Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado.

Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público; e por calquera outras disposicións aplicables.

### IV. REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES

Para ser admitidos/as á realización das probas selectivas os/as aspirantes deberán reunir, antes de que remate o prazo de presentación de instancias, os seguintes requisitos:

- a) Ter a nacionalidade española ou estar incurso/a nalgún dos supostos previstos no art. 57 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- b) Ter cumpridos dezaseis anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal desempeño das correspondentes funcións.
- d) Estar en posesión do título de Graduado/a en Educación Secundaria Obrigatoria, formación profesional de primeiro grao, ciclo formativo de grao medio ou equivalentes, ou estar en condicións de obtelo na data de terminación do prazo de presentación de instancias, a tenor do establecido polo art. 76 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- e) Acreditación do coñecemento da lingua galega no nivel CELGA 3 ou equivalente, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados acreditativos dos niveis de coñecemento de lingua galega, publicado no DOG nº 146, do 30 de xullo de 2007.

### V. SOLICITUDES

Os/as que desexen tomar parte nestas probas selectivas, deberán facelo constar en instancia dirixida ao Sr. Alcalde, que lles serán facilitadas polo Rexistro Xeral do Concello de Pol e na Sede Electrónica do Concello de Pol.

Ás solicitudes acompañarán:

- Instancia, no formato que figura como Anexo II.
- Fotocopia do DNI.
- Titulación requirida.
- CELGA 3.

As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Concello de Pol, ou conforme ao disposto no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. De presentar a solicitude nunha oficina de correos, farase en sobre aberto para que a instancia sexa datada e selada polo/a funcionario/a de correos antes de ser certificada. De non ser así non poderá estimarse como presentada en data.

O prazo de presentación de solicitudes é de DEZ (10) días hábiles, contados a partir do seguinte á publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

### VI. ADMISIÓN DE ASPIRANTES

Rematado o prazo de presentación de solicitudes e comprobado que os/as aspirantes reúnen os requisitos necesarios para participar no proceso selectivo, o Sr. Alcalde ditará resolución aprobando a relación provisional de admitidos/as e excluídos/as xunto, no seu caso, coa causa de exclusión.

Esta relación será publicada no Taboleiro Municipal de anuncios e na Sede Electrónica do Concello de Pol, a efectos de reclamacións que poderán presentarse no prazo de 5 días hábiles.

As reclamacións e emendas, se as houbese, serán aceptadas ou rexeitadas na resolución pola que se aprobe a lista definitiva, que será publicada na forma antes indicada. No caso de que non existan aspirantes excluídos ou non se presenten reclamacións nin emendas á lista provisional será elevada automaticamente a definitiva.

O feito de figurar na relación de admitidos/as non prexulga que se lles recoñeza ós/ás interesados/as a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca. Cando da documentación que debe presentarse, no caso de superar o procedemento selectivo, se desprenda que non posúen algún dos requisitos, os/as interesados/as decaerán en todos os dereitos que puideran derivar da súa participación no procedemento.

#### VII. TRIBUNAL CUALIFICADOR

O Tribunal Cualificador estará constituído por un/unha Presidente/a, tres Vogais e un/unha Secretario/a e os seus respectivos/as suplentes.

a) Presidente: Un funcionario/a de carreira a designar pola persoa titular da Alcaldía.

b) Vogais: Tres funcionarios/as de carreira a designar pola persoa titular da Alcaldía

c) Secretario/a: O/A da Corporación ou funcionario/a de carreira en quen delegue.

Non poderán formar parte do órgano de selección o persoal de elección ou de designación política, os/as funcionarios/as interinos/as e o persoal eventual.

A pertenza ao Tribunal será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén.

A súa composición ten que cumprir o estipulado no artigo 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e o art. 59 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.

Os/as membros/as do Tribunal Cualificador deberán pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional para o ingreso no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo.

Para a válida constitución do órgano de selección a efectos de celebración de sesións, deliberacións e toma de acordos requírese a presenza do/da Presidente/a, do/da Secretario/a ou, no seu caso, dos/as que os/as substitúan, e de polo menos un/unha vogal.

Excepcionalmente, no caso de ausencia do/da Presidente/a titular e suplente fará as súas veces un/unha dos/das vogais pertencentes á categoría convocada, e, no seu defecto, calquera dos/das demais vogais, en ambos casos pola orde no que figuren designados/as nas vogalías.

No caso de ausencia do/da Secretario/a titular e suplente, fará a súas veces un/unha vogal dos/das que se atopen presentes pola orde no que figuren designados/as nas vogalías.

De non existir quórum, procederase a efectuar unha nova convocatoria no prazo máis breve posible.

Os/as membros/as do Tribunal Cualificador deberán absterse de intervir, notificándoo á Alcaldía, e os/as aspirantes poderán recusalos, cando concorran as circunstancias previstas no artigo 23.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

O Tribunal Cualificador constituirase de acordo co establecido no artigo 17 da indicada Lei de Réxime Xurídico do Sector Público, e as decisións adoptaranse por maioría dos votos presentes, resolvendo en caso de empate, o voto do/a que actúe como Presidente/a, sendo secretos os seus acordos e deliberacións.

O Tribunal Cualificador queda facultado para resolver as dúbidas que puidesen xurdir na aplicación das Bases, para decidir respecto do non contemplado nas mesmas.

#### VIII. DESENVOLVEMENTO DO PROCESO SELECTIVO

O lugar, data e hora de inicio do primeiro exercicio publicarase no Taboleiro de Anuncios e na Sede Electrónica do Concello.

A puntuación máxima da oposición será de 100 puntos e consistirá na superación das probas que, a continuación, se relacionan:

##### PRIMEIRA PROBA: DE CARÁCTER OBRIGATORIO E ELIMINATORIO.

Constará de dúas partes:

##### TEÓRICA

Consistirá en contestar, por escrito, no tempo que estime o órgano de selección, a un cuestionario tipo test de 40 preguntas, con catro respostas alternativas, relacionadas coas materias que figuran como Anexo a estas bases. O cuestionario será determinado polo Tribunal Cualificador inmediatamente antes do inicio do exercicio.

Esta parte cualificarase de 0 a 40 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 20 puntos para poder superala e que o Tribunal Cualificador poida corrixir a segunda parte do exercicio.

A cualificación farase computándose as respostas contestadas correctamente a razón de 1 punto.

As respostas incorrectas penalizarán de forma que cada tres respostas incorrectas penalizárase cunha resposta correcta. Non computarán as respostas non contestadas.

O contido do test, coas súas respostas correctas, será publicado na sede electrónica do Concello e os/as aspirantes disporán dun prazo de tres días naturais para presentar alegacións ou impugnacións, dito prazo non suspenderá a tramitación do procedemento.

O Tribunal cualificador, á vista dos resultados obtidos polos/as aspirantes, poderá establecer unha nota de corte para declarar superado o exercicio.

#### PRÁCTICA

Consistirá en resolver un ou varios supostos prácticos ou realizar as tarefas que propondrá o Tribunal Cualificador, relacionadas coas materias obxecto do temario que figura como Anexo I a estas bases, no prazo establecido polo órgano de selección en función da natureza da proba.

Esta parte cualificarase de 0 a 40 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 20 puntos para superala.

O contido da proba ou probas prácticas, coas súas respostas correctas, será publicado na sede electrónica do Concello e os/as aspirantes disporán dun prazo de tres días naturais para presentar alegacións ou impugnacións, dito prazo non suspenderá a tramitación do procedemento.

O Tribunal Cualificador, a vista dos resultados obtidos polos/as aspirantes, poderá establecer unha nota de corte para declarar superado o exercicio.

SEGUNDA PROBA: DE CARÁCTER OBRIGATORIO E ELIMINATORIO.

#### COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA.

O Tribunal valorará o nivel de coñecemento da lingua galega dos/as aspirantes, mediante unha proba que se cualificará como apto ou non apto. Porén, ás persoas que acrediten o coñecemento da lingua galega con carácter previo (anexo I, 4 da Orde do 16 xullo 2007, DOG do 30 xullo 2007, CELGA 3 ou equivalente) daráselle por superada esta proba coa cualificación de apto.

TERCEIRA PROBA: DE CARÁCTER OBRIGATORIO E NON ELIMINATORIO.

#### ENCONTRO CURRICULAR

Ata un máximo de 20 puntos, conforme ás seguintes regras:

Consistirá nun encontro co Tribunal Cualificador, por un tempo máximo de dez minutos, no que se propondrá preguntas ó/á aspirante sobre a súa experiencia profesional e sobre o coñecemento e contidos das funcións a desenvolver na praza convocada, así como sobre o coñecemento da organización e normativa municipal do Concello de Pol. Valorarase a corrección técnica e a claridade na exposición de ideas, a comprensión dos coñecementos e a capacidade de expresión.

Rematada a fase de oposición, o Tribunal publicará no Taboleiro de Anuncios e na sede electrónica do Concello de Pol, a relación de aspirantes aprobados/as, coa indicación da puntuación final obtida, conforme ao estipulado nas bases reguladoras do proceso selectivo.

#### IX. CUALIFICACIÓN FINAL DO PROCESO SELECTIVO

A cualificación final do proceso selectivo será o resultado da suma das puntuacións obtidas.

En caso de empate na puntuación, terase en conta o seguinte criterio para o desempate:

A maior puntuación obtida na proba práctica.

En caso de persistir o empate terase en conta a maior puntuación obtida na proba teórica.

En caso de persistir o empate a maior puntuación obtida no encontro curricular.

Se aínda así persistise o empate, resolverase por sorteo.

#### X. FUNCIONAMENTO DA BOLSA

Crearase unha lista de agarda, na que os/as aspirantes se situarán por orde de maior puntuación. Cando sexa necesario proceder o chamamento para cubrir unha praza, ofertarase ao/á primeiro/a da lista que estea pendente de chamar, por orde de mellor puntuación.

A medida que se produzan necesidades cuxa cobertura sexa precisa, procederase da seguinte forma:

Dende o Concello poranse en contacto telefónico co/coa aspirante, seguindo rigorosamente a orde establecida na lista.

No caso de que non se poida localizar a un/unha aspirante de forma telefónica, intentarase por medio dun correo electrónico (de existir dirección), debendo o/a aspirante dar unha contestación no prazo máximo de setenta e dúas horas; se o/a aspirante non é localizado/a quedará colocado/a na mesma posición que tiña adxudicada orixinariamente na lista de agarda.

Se o/a aspirante rexeita a oferta de traballo, pasará ao final da lista, salvo que o/a interesado/a manifeste expresamente a súa vontade de ser excluído/a da mesma.

O/A aspirante que, integrado/a na lista de agarda, sexa chamado/a para cubrir unha necesidade e alegue e xustifique a imposibilidade de incorporación efectiva por estar traballando, ou de baixa laboral, continuará na lista de agarda na mesma posición que ocupaba inicialmente, aínda que non será activado/a na lista e chamado/a para unha nova oferta ata que comunique a Unidade de recursos humanos do Concello que esta dispoñible por terse modificado a causa que alegou para non aceptar a oferta de traballo. Destas incidencias deixarase constancia no expediente administrativo.

Se existise, no momento do chamamento, máis dunha vacante dispoñible que deba ser cuberta, deberanse ofertar aos/ás aspirantes en función da orde de prelación que ostenten. O/A aspirante que sexa obxecto de nomeamento ou contratación, unha vez finalizada a súa prestación, será reintegrado/a na lista de agarda na mesma posición que tiña orixinariamente.

A lista de agarda terá vixencia ata a convocatoria doutro procedemento selectivo que a substitúa ou ata a convocatoria doutro procedemento selectivo para a provisión de prazas específicas.

#### PROPOSTA DE NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIO/A INTERINO/A. PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN.

Concluído o procedemento selectivo o Tribunal Cualificador publicará, no Taboleiro de Edictos da Corporación e na Sede Electrónica do Concello as cualificacións obtidas polos/polas aspirantes, pola orde de puntuación acadada por cada un/unha deles/delas e fará proposta de nomeamento como funcionario/a interino/a, a favor de aquel/aquela aspirante que houbera acadado a maior puntuación.

O/a aspirante proposto/a polo Tribunal de selección achegará ante o Concello, dentro do prazo de cinco días hábiles, contados desde a data na que se faga pública a lista de aspirantes aprobados, os documentos acreditativos de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria, así como declaración xurada de non atoparse incurso/a en ningún dos supostos de incompatibilidade previstos na lexislación vixente.

O cumprimento do requisito C) da base cuarta haberá de acreditarse a través de certificación médica Oficial.

Se dentro do prazo establecido, salvo causa de forza maior debidamente acreditada, o/a aspirante proposto/a non presentase a documentación esixida, non poderá tomar posesión e quedarán sen efecto todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidese incurrir por falsidade na instancia.

Unha vez presentada a documentación, esixida polas bases, o Sr. Alcalde, cando sexa necesario, ditará, Resolución da Alcaldía procedendo ao nomeamento como funcionario/a interino/a do/da aspirante a cuxo favor se teña realizado proposta de nomeamento polo Tribunal cualificador, que deberá cumprir os requisitos da convocatoria para o seu nomeamento interino.

Co fin de asegurar a cobertura da praza, cando se produzan renuncias de aspirantes seleccionados/as, antes da toma de posesión ou a persoa inicialmente proposta non a tomase, a proposta de nomeamento entenderase feita a favor do/da aspirante que alcanzase a segunda mellor puntuación total e así sucesivamente.

Se dentro do prazo establecido e salvo causa de forza maior, o/a aspirante proposto non presentase a documentación esixida non poderá formalizar o contrato e quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que incorrese por falsidade na instancia.

#### XI. RECURSOS

Contra as presentes Bases poderá interporse recurso potestativo de reposición ante o órgano que aprobou as Bases, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, ou ben interpor directamente recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses, contados igualmente desde o día seguinte ao da súa última publicación, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo correspondente, todo iso de conformidade cos artigos 114. 1c), 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

No caso de interposición de recurso de reposición, deberase esperar a que este se resolva e notifique, ou ben a que poida ser entendido como desestimado en virtude de silencio. Non obstante o anterior, os/as interesados/as poderán presentar calquera outro recurso que estimen procedente en defensa dos seus dereitos e intereses.

Os actos do Tribunal cualificador poderán ser recorridos, mediante recurso de alzada, ante o Sr. Alcalde, órgano que nomea ao/á seu/súa Presidente/a, de conformidade co disposto nos arts. 121 e 122, da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

## XII. IGUALDADE DE TRATO

A presente convocatoria ten en conta o principio de igualdade de trato entre mulleres e homes polo que se refire ao acceso ao emprego, de acordo co artigo 14 da Constitución Española, o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro e a Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

## XIII.- ACCESO DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE

1.- O Tribunal Cualificador adoptará as medidas oportunas que permitan ás persoas aspirantes con discapacidade, que así o indicaron expresamente na solicitude, poder participar nas probas do proceso selectivo en igualdade de condicións que o resto das persoas participantes, de acordo co previsto no Real Decreto 2271/2004, do 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e á provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade.

2.- As persoas aspirantes que, como consecuencia dunha discapacidade igual ou superior ao 33%, presenten especiais dificultades para a realización das probas poderán requirir no formulario de solicitude as adaptacións e os axustes razoables de tempos e medios oportunos.

As persoas interesadas deberán indicar expresamente no formulario de participación as adaptacións de tempo e/o medios que soliciten.

Para que o Tribunal Cualificador poida valorar a procedencia ou non da adaptación solicitada, as persoas interesadas deberán achegar necesariamente copia do ditame técnico facultativo emitido polo órgano técnico de cualificación do grao de discapacidade no que quede acreditado de forma fidedigna as deficiencias permanentes que desen orixe ao grao de discapacidade recoñecido, sen que sexa válido, para estes efectos, ningún outro documento.

A tal fin, o Tribunal Cualificador aplicará as adaptacións de tempos que correspondan previstas na Orde PRE/1822/2006, do 9 de xuño, pola que se establecen criterios xerais para a adaptación de tempos adicionais nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade. Para poder realizar a correspondente valoración será requisito imprescindible a achega do ditame técnico facultativo no prazo de presentación de solicitudes

## XIV. PUBLICIDADE DOS TRÁMITES.

As presentes bases e os sucesivos actos que requiran de publicidade, anunciaranse no Taboleiro Municipal de Edictos e na Sede Electrónica municipal.

## ANEXO I – TEMARIO

A Constitución Española de 1978. Significado e estrutura. Principios xerais. Dereito e deberes fundamentais dos/as españois/españolas. Garantía e suspensión.

As Cortes Xerais . Composición, atribucións e funcionamento.

Poder Xudicial. Principios básicos. A organización xudicial española.

Poder Executivo. O Goberno da nación e a Administración xeral do Estado. Duración e responsabilidade do Goberno.

Estado das autonomías. Modo de organización estatal na Constitución española. Carácteres do dereito á autonomía. Competencias das comunidades autónomas. Contido e valor normativo dos estatutos de autonomía. O Estatuto de autonomía de Galicia.

dereito administrativo e o seu concepto. As fontes do ordenamento xurídico. A Constitución. A lei. Disposicións normativas con rango de lei. Os regulamentos. O costume. Os principios xerais do dereito. A xurisprudencia.

acto administrativo: concepto, elementos e clases. Invalidez dos actos administrativos. Nulidade e anulabilidade. Os recursos administrativos. Revisión de oficio dos actos administrativos.

procedemento administrativo. Fases do procedemento administrativo común. O deber de resolver e notificar. Os expedientes e o seu arquivo.

A Administración local. Concepto e evolución. A Administración local na Constitución española. Regulación xurídica actual do réxime local. Entidades que comprende. O municipio e as súas competencias. Servizos mínimos obrigatorios.

Goberno municipal. O Pleno da Corporación. O/A Alcalde/Alcaldesa. A Xunta de Goberno Local. As Comisións Informativas. Outros órganos complementarios e os grupos políticos municipais. Municipios de gran poboación: municipios de aplicación, organización e funcionamento dos órganos municipais necesarios e xestión económica-financeira.

A provincia. Concepto, elementos e competencias. Órganos de goberno da Deputación provincial: Pleno, Presidente/a, Vicepresidentes/as, Xunta de Goberno Local, Comisións Informativas, outros órganos complementarios. O Plan Deputación.

Réxime e funcionamento dos órganos colexiados locais. Convocatoria, orde do día, actas e certificados dos acordos.

registro de documentos. Comunicacóns e notificacións. A práctica das notificacións. O/A cidadán/cidadá como cliente da Administración. A atención ao público.

persoal ao servizo da Administración local. Instrumentos para a ordenación e organización do persoal. Clasificación do funcionariado local e as súas funcións. Adquisición e perda da condición de funcionario/a. O persoal laboral ao servizo da Administración local. Os/As directivos/as públicos/as locais. O persoal eventual. Lexislación aplicable ó persoal laboral e estatutario.

Dereito e deberes dos/as funcionarios/as locais. Retribucións e protección social dos/as funcionarios/as locais. Réxime disciplinario dos/as funcionarios/as locais. Situacións administrativas dos/as funcionarios/as.

A Administración Electrónica. Dereitos da cidadanía. Dos rexistros, as comunicacóns e notificacións electrónicas. Da xestión dos procedementos.

As Facendas locais. Clases de tributos locais. Os impostos locais. As taxas, os prezos públicos e as contribucións especiais. As ordenanzas fiscais: contido, elaboración e aprobación. Especial referencia as ordenanzas fiscais do Concello de Pol. O orzamento xeral dos entes locais: estrutura, elaboración e aprobación.

Os regulamentos e ordenanzas locais. Clases. Procedemento de elaboración, aprobación e vixencia.

Os bens das entidades locais: clases e réxime xurídico.

Contratos do sector público: delimitación dos tipos contractuais. Contratos menores. Contido e forma de contrato. Procedementos de adxudicación.

## ANEXO II

SOLICITUDE PARA TOMAR PARTE NO PROCESO SELECTIVO DA CONVOCATORIA PUBLICADA NO BOP DE LUGO DE DATA \_\_\_\_\_

## I.- DATOS DA PRAZA:

Constitución de bolsa de emprego para a provisión de prazas de auxiliar de administración xeral.

## II. DATOS PERSOAIS:

|                |                  |                 |                |
|----------------|------------------|-----------------|----------------|
| Nome           | Primeiro apelido | Segundo apelido | D.N.I. / N.I.E |
|                |                  |                 |                |
| Teléfono móbil | Teléfono fixo    | E-mail          |                |
|                |                  |                 |                |

|                                     |               |      |           |
|-------------------------------------|---------------|------|-----------|
| Domicilio a efectos de notificación |               |      |           |
| Rúa/lugar                           | Nº            | Piso | Municipio |
|                                     |               |      |           |
| Provincia                           | Código postal |      |           |
|                                     |               |      |           |

## EXPOÑO:

Que acepto as bases da convocatoria e reúno todos e cada un dos requisitos esixidos na convocatoria e apporto toda a documentación esixida polas bases reguladoras do procedemento selectivo.

Manifesto que ☐ SI / ☐ NON (marcar o que proceda) me foi recoñecida unha minusvalía polo que solicito a adaptación que se adxunta polos motivos que se expresan. (En folio aparte especificar os motivos da minusvalía e a adaptacións que solicita).

Manifesto ☐ SI / ☐ NON (marcar o que proceda) a miña vontade de realizar as probas en Galego (de non marcar nada entenderase que realizará as probas en castelán).

## SOLICITO:

Participar no proceso obxecto da convocatoria citada, a fin de participar nas probas de selección correspondente.

....., a ..... de ..... de .....

(Asinado)

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE POL

R. 0656

**MINISTERIO DE FACENDA****BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONS (BDNS) - MONFORTE DE LEMOS***Anuncio*

BASES Y CONVOCATORIA PARA LA CONCESIÓN DE SUBVENCIONES PARA ACTUACIONES DE REHABILITACIÓN A NIVEL DE BARRIO EN EL "CONJUNTO HISTÓRICO Y ZONAS DE RESPETO" "EN EL CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS  
BDNS (Identif.): 892122

De conformidad con lo previsto en los artículos 17.3.b y 20.8.a de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/892122>)

**Primero. Objeto.**

Estas bases, de acuerdo con lo establecido en el artículo 14 de la ley 9/2007 de 13 de junio de Subvenciones de Galicia (LSG), tiene por objeto regular el procedimiento para participar en el programa de ayuda a las actuaciones de rehabilitación a nivel de barrio, previsto en el Real decreto 853/2021, de 5 de octubre, por el que se regulan los programas de ayuda en materia de rehabilitación residencial y vivienda social del PRTR publicado en el Boletín Oficial del Estado núm. 239, de 6 de octubre (en adelante RD 853/2021) y la Resolución de 8 de julio de 2022 por la que se regula el procedimiento para participar en el Programa de ayuda a las actuaciones de rehabilitación a nivel de barrio del Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, (R.08.07.22) financiado por la Unión Europea- NextGenerationEU y se abre el plazo de participación para la anualidad 2022 en aplicación del RD 853/2021 en la Comunidad Autónoma de Galicia.

La finalidad de estas ayudas es financiar obras o actuaciones en las que se obtenga una mejora acreditada de la eficiencia energética, con especial atención a la envolvente edificatoria en los edificios de tipología residencial colectiva, incluyendo sus viviendas, y en las viviendas unifamiliares, incluidas dentro del Entorno Residencial de Rehabilitación Programada del "CONJUNTO HISTÓRICO Y ZONAS DE RESPETO", en el Concello de Monforte de Lemos.

**Segundo. Bases reguladoras.**

Pueden consultarse las bases reguladoras de la presente convocatoria en la siguiente dirección: [www.monfortedeleemos.es](http://www.monfortedeleemos.es) en la sección de SUBVENCIONES. Las entidades interesadas deberán presentar las solicitudes de acuerdo con los modelos normalizados que se facilitarán en el Registro general del Ayuntamiento de Monforte de Lemos o en la web [www.monfortedeleemos.es](http://www.monfortedeleemos.es).

**Tercero. Cuantía.**

Para la financiación de estas ayudas se destina un crédito de 580.869,57 €.

**Cuarto. Plazo de presentación de las solicitudes.**

El plazo de presentación de solicitudes será a partir del día siguiente a la publicación del extracto de la convocatoria en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo y estará abierto hasta el 30/04/2026

Monforte de Lemos, 10 de marzo de 2026.- El alcalde, José Tomé Roca.

R. 0628